



## UD 5: A ORGANIZACIÓN DA EMPRESA: Como se constrúe unha empresa por dentro?. ( TEMAS 5, 6 e 9 McGraw)

### 1. O Corazón da Empresa: A súa Identidade

- **Quen somos?** Definición de Misión Visión e Valores. (Exercicio 1 apuntamentos).
- **A Cultura Empresarial:** O "ADN" que nos diferencia das demais organizacións. (Px 165+ ex 10 px 165 + ex 21,22,23 px 171)

### 2. Como funciona a maquinaria? Elementos, Áreas, Funcións e obxectivos.

- **O que temos:** Identificación dos elementos da empresa. (Px 100 + periscopio 1 px 102)
- **Repartindo o traballo:** As grandes áreas funcionais e o organigrama. (Px 100 + ex 5, 6, 7 px 102 + ex 7,8,9,10,11 px 101)
- **Que queremos conseguir?:** Funcións e obxectivos das empresas. (Px 82 + ex 1,2,3,4 px 83+ ex 1,2,3,4,5,6 px 94)

### 3. O Superpoder do Equipo: Traballo Cooperativo

- **Xuntos somos mellores:** Formación de equipos de traballo.(px 156,157 + ex 1 px157 + ex 1, 4, 5, 6, 7, 8, 9 px 170)
- **Ferramentas para o éxito:** O liderado, os problemas nos equipos de traballo e a xestión áxil de proxectos (Método kanBan). (px 159, 160 + ex 3 px 160 +ex 11,12,13 px 170)

### 4. A Arte da Comunicación e a resolución de conflitos

- **Falar para entendernos:** A comunicación motivadora, a comunicación non verbal, falar en público. (px 161, 162 + ex 5 px 162 + ex 15, 17 px 171)
- **Resolución de conflitos:** Conflitos-emocións e a comunicación non violenta (asertividade e mensaxes eu). (px 163 e apuntamentos na aula + ex 8 px 164 + ex 18, 19, 20 px 171+ exercicio 2 apuntamentos)



## Exercicio 1 : Diseñando a Identidade Empresarial (Misión, Visión, Valores)

**Obxectivo:** Identificar a cultura empresarial en grandes organizacións e aplicala ao propio proxecto emprendedor, tendo en conta que:

- **A Misión** debe responder a: **Que fas hoxe polo teu cliente?**
- **A Visión** debe responder a: **Que impacto queres ter no futuro?**
- **Os Valores** deben responder a: **Como te vas comportar para logralo?** (Serás o máis ecolóxico?, ou máis barato?, ou máis innovador?).

### Parte 1: Análise de Exemplos Reais

Le os seguintes exemplos de empresas con forte implantación en distintos sectores e identifica como se reflicte a súa identidade ou **Cultura Empresarial**:

<b>Empresa</b>	<b>Misión (O que fan hoxe)</b>	<b>Visión (O que queren ser)</b>	<b>Valores (Como se comportan)</b>
<b>Inditex</b>	Ofrecer moda de calidade, ética e de baixo impacto ambiental.	Ser unha forza transformadora cara á economía circular e cero emisións en 2040.	Inconformismo, humildade, prudencia e transparencia.
<b>Citroën</b>	Democratizar a tecnoloxía e facer a mobilidade accesible para todos.	Liderar a transición cara a unha mobilidade eléctrica e sinxela.	Audacia, simplicidade, proximidade humana e excelencia.
<b>Abanca</b>	Apoiar o desenvolvemento económico e social cunha banca responsable.	Ser o banco de referencia pola súa escoita e compromiso coas raíces.	Responsabilidade, innovación e o seu distintivo " <b>Sentir Común</b> ".
<b>Apple</b>	Ofrecer a mellor experiencia de usuario mediante produtos e servizos innovadores.	Facer os mellores produtos do mundo e deixalo mellor de como o atopamos.	Privacidade, accesibilidade, inclusión e responsabilidade ambiental.

### Parte 2: Aplicación ao teu Proxecto Emprendedor

Unha vez analizados os exemplos de **Inditex, Citroën, Abanca e Apple**, reflexiona contestando aos seguintes exercicios. Valorarase na túa resposta o **rigor nos razoamentos** e a **utilización do vocabulario técnico** preciso que vimos na unidade:

1. **Análise de Diferenzas:** Observa como a misión de Apple se centra no **produto**, mentres que a de Abanca no **servizo e compromiso social**. Cal cres que se adapta mellor á túa idea de negocio?
2. **Sostibilidade e Ética:** Tendo en conta que Apple e Inditex mencionan a **sustentabilidade** nos seus valores, como vas incluír ti este aspecto no teu proxecto para cumprir cos obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS)?



3. **Fai o teu propio análise crítico**, comparando a misión, visión e valores que declara cada unha destas empresas coa súa interacción real na contorna.

Baseándote no proxecto de negocio que vas desenvolver nesta materia, define os seguintes elementos:

4. **Misión do teu proxecto:** Que problema resolve a túa idea e por que é necesaria hoxe?
5. **Visión do teu proxecto:** Como imaxinas a túa empresa dentro de 10 anos? Que impacto queres ter no mundo?
6. **Valores:** Escolle 3 principios que serán innegociables na túa forma de traballar.

## Exercicio 2: A arte de dicir o que sentes (A Mensaxe Eu)

**Obxectivo:** Aprender a transformar mensaxes de ataque ("Mensaxes Ti") en mensaxes de responsabilidade persoal ("Mensaxes Eu") para resolver conflitos no equipo de traballo.

### Parte 1. A Estrutura da Mensaxe Eu

Para que unha mensaxe sexa asertiva, debe seguir esta fórmula:

1. **Cando ti...** (Describe o feito obxectivo, o que pasou, sen insultar).
2. **Sinto...** (Describe a túa emoción sen xulgar).
3. **Porque...** (Explica a consecuencia, como te afecta ou por que é importante para ti).
4. **Gustaríame / Necesito...** (Propón unha solución ou petición concreta).

### Parte 2. Exemplo Resolto

**Situación:** Estás no teu equipo do proxecto de emprendemento. Un compañeiro/a non entregou a súa parte do plan de márketing a tempo e agora o grupo non pode avanzar.

- **Mensaxe Ti (O que debemos evitar):** *"Es un vago e un irresponsable, sempre fas o mesmo e vas facer que suspendamos todos pola túa culpa."* (Isto é un ataque e provocará unha discusión).
- **Mensaxe Eu (A proposta asertiva):** *"Cando non entregas a túa parte na data que acordamos, sinto moito estrés e preocupación, porque o resto do equipo non podemos seguir traballando e temos medo de non chegar ao prazo do profesor. Gustaríame que nos dixeras se tes algún problema e que te comprometas a telo listo para mañá."*



### Parte 3. Practica ti (Actividade para resolver en parellas)

A continuación, tes tres situacións comúns nunha empresa ou proxecto escolar. Transforma as "Mensaxes Ti" en "Mensaxes Eu" seguindo a estrutura anterior:

**Situación A: Interrupcións constantes.** Estás expondo a túa idea sobre o logotipo da empresa e un socio/a interrómpe cada vez que abres a boca.

- *Mensaxe Ti:* "Cala dunha vez! Non me deixas falar, es un maleducado."
- **A túa Mensaxe Eu:**

**Situación B: Uso do móbil.** Estadades nunha reunión para decidir o prezo do produto e un membro do equipo non para de mirar o móbil e rir con vídeos de TikTok.

- *Mensaxe Ti:* "Pasas de todo, parece que che dá igual o proxecto. Deixa xa o móbil!"
- **A túa Mensaxe Eu:**

**Situación C: Desorde no espazo de traballo.** Compartides unha mesa de traballo na aula e o teu compañeiro/a deixa sempre restos de recortes, papeis e o ordenador sen apagar, e ti tes que recollelo todo para poder traballar ao día seguinte.

- *Mensaxe Ti:* "Es un porco/a, deixas todo tirado e pensas que son o teu criado/a."
- **A túa Mensaxe Eu:**